



Colexio Oficial de
Arquitectos de Galicia

NOVIDADES 2024 COTAS E SERVIZOS

COLEXIO OFICIAL DE
ARQUITECTOS DE GALICIA



Para o exercicio 2024 a Xunta de Goberno propón unha serie de novidades nas bonificacións das cotas e servizos voluntarios:

1. Para aqueles colexiados/colexiadas que foron pais/nais durante o exercicio 2023, poderán acollerse durante o período de configuración da colexiación a un desconto dun 50% na cota básica de colexiación para o 2024 con os servizos gratuítos, agás o correo electrónico.
Ata o de agora non había ningún desconto.
2. Durante os primeiros 3 anos de colexiación aplicarase os seguintes descontos:
 - 1º ano: Desconto dun 50% na cota básica + servizos gratuítos.
 - 2º ano: Desconto dun 25% da cota básica + servizos gratuítos.
 - 3º ano: Servizos gratuítos.Ata o de agora so había un desconto dun 40% na cota básica e os servizos gratuítos no primeiro ano.
3. Os xubilados con un mínimo de 15 anos de colexiación no COAG pasarán de ter un desconto dun 40% na cota básica a ter a cota básica gratuíta.
4. Os desempregados pasan de ter un desconto dun 40% na cota básica a ter un desconto dun 50% e a ter o correo electrónico gratuíta.
5. Os colexiados ao servizo de administración pública con dedicación exclusiva pasan de ter un desconto dun 40% na cota básica a ter un desconto dun 50%.

Os descontos en ningún caso serán acumulables e poderase seleccionar o máis favorable para o colexiado/colexiada.

A pesar do período inflacionista no que nos atopamos, mantéñense os prezos do Servizo de Visado e das cotas, Cota COAG e Cota AAPF. A subida de prezos só afectará ós paquetes de servizos e á cota do Consello Superior de Colexios de Arquitectos de España.

NOVOS PREZOS DE COTAS E SERVIZOS

No seguinte cadro aparecen as novas tarifas en vermello:

	Colexiado	Colexiado 1º ano	Colexiado 2º ano	Colexiado 3º ano	Maternidade Paternidade	Xubilado	Funcionario	Desempregado
Cota COAG	196	117,6/ 98	196/ 147	196	196/ 98	117,6/ 0	117,6/ 98	117,6/ 98
Cota CSCAE	35/ 36	35/ 36	35/ 36	35/ 36	35/ 36	0	0	35/ 36
Cota AAPF	30	30	30	30	30	0	30	30
Apoio profesional	80/ 83	0	80/ 0	80/ 0	80/ 0	0	0	0
Asesoramento técnico	95/ 99	0	95/ 0	95/ 0	95/ 0	--	--	--
Utilidades técnicas	48/ 50	0	48/ 0	48/ 0	48/ 0	--	--	--
Correo electrónico	43/ 47	0	43/ 0	43/ 0	43/ 47	43/ 47	43/ 47	43/ 0



Ademáis, mantéñense os descontos na subscrición de servizos:

bonificacións	10% sobre coste de servizos con 1 servizo contratado
	25% sobre coste de servizos con 2 servizos contratados
	35% sobre coste de servizos con 3 servizos contratados
	40% sobre coste de servizos con 4 servizos contratados